

Breathless - DRS

Antes de comezar

Antes de nada, defínide liñas que non deben ser cruzadas. Pausade ou rebobínade a partida se sucede algo molesto durante unha sesión. Asegúradevos sempre de que a xente que participa estea cómoda coa dirección que toma a historia.

Xogando

Unha persoa é a dirección do xogo (DX), as demais son xogantes.

DX: guía a historia, presenta desafíos ó grupo. Sé un fan dos xogantes. Fállles preguntas, enche o mundo coas respostas. Se é algo xenial, déixalles probar ou divide os desafíos complexos en múltiples roladadas.

Xogante: narra o que fai a túa personaxe. Rola os dados cando as cousas sexan perigosas. Deixa que todo o mundo teña tempo para se lucir. Enche o mundo coas túas ideas. Toma riscos e deixa atrás os fracasos.

Roladas

Cando haxa un desafío que teña que ser superado, fas unha rolada para ver como sae. Só precisas empregar os dados se o que fas é arriscado.

A DX avisará do risco da acción. Logo escollerás unha habilidade e rolarás o dado que encaixe co seu valor. Se unha aliada axuda, tamén fai unha tirada e comparte o risco contigo. Tomade o dado máis alto e interpretade os resultados:

- Nun 1 ou 2 fracasades e algo malo sucede.
- Nun 3 ou 4 tedes éxito, pero cun custe.
- Nun 5 ou máis tedes éxito. Canto máis alto sexa o número, mellor o efecto.

Sobrevivir é difícil. Todo o mundo que rolou diminúe o valor da habilidade que empregaron nun nivel: d12 » d10 » d8 » d6 » d4. As habilidades non poden baixar dun d4.

A DX pode deixar unha decisión nas mans da sorte. Para facelo, elixe un dado baseándose nas posibilidades de que suceda algo, rola e interpreta os resultados.

Coller folgos

Para devolver todas as túas habilidades ó seu valor orixinal, podes pedir un tempo para *coller folgos*. Isto será unha pequena pausa nunha tensión. Pode ser feito en calquera momento, incluso en combate.

Cando unha personaxe colla folgos, a DX analiza a escena e introduce unha nova complicación para o grupo.

Roladas de botín

Cando a ficción o permita, podes facer unha rolada de botín para atopar ferramentas, armas, kits de primeiros auxilios, etc. Pero ten coidado co que se agocha nas sombras.

Cando fagas unha rolada de equipamento, lanza un d20.

- Nun 1 algo malo sucede.
- Nun 15 ou 16 atopas un obxecto d6.
- Nun 17 ou 18 atopas un obxecto d8.
- Nun 19 ou 20 atopas un obxecto d10 ou un kit de primeiros auxilios.

Mochila

Os obxectos na túa mochila poden ser empregados no lugar das túas habilidades. Comezan cun valor de dado e diminúen cada vez que os empregues. Cando un obxecto chegue a d4 rómpese e non pode volver ser usado.

As personaxes só poden levar 3 obxectos e un kit de primeiros auxilios ó mesmo tempo na súa mochila.

Acrobacias

Cando fagas unha acrobacia rola un d12 no lugar do que indique a habilidade correspondente. Unha vez feita, precisarás *coller folgos* antes de facer outra.

Estrés

Cando te enfrontes a unha consecuencia derivada dunha das túas accións, a DX pode decidir que tomes 1 punto de estrés. Se a túa personaxe chega a 4 puntos de estrés tórnase *vulnerable*.

Cando esteas *vulnerable*, fracasar nunha acción perigosa pode significar que quedas fóra de combate ou morto.

Podes empregar un kit de primeiros auxilios para baixar 2 puntos de estrés, ou permanecer nun lugar seguro un certo tempo para baixar 1 punto de estrés.

Personaxes

Na túa folla de personaxe, escribe o seu nome e os seus morfemas.

De inicio todas as habilidades teñen un valor d4. Asigna un d10, un d8 e un d6 a tres habilidades nas que penses que a túa personaxe é boa.

As personaxes teñen un total de 6 habilidades:

- **Golpear:** romper, empurrar, forzar.
- **Bulir:** correr, saltar, escalar.
- **Espiari:** axexar, agocharse, disfrazarse.
- **Disparar:** rastrear, lanzar, apuntar.
- **Pensar:** percibir, analizar, reparar.
- **Mandar:** abraiar, manipular, intimidar.

Pensa nun obxecto que obtiveches antes de saír de aventura e engádeoo á túa mochila coma un obxecto d10.

Licenza

Estas instrucións baséanse no xogo *Breathless*, un produto de [Fari RPGs](#), creado e desenvolvido por René-Pier Deshaies-Gélinas, e licenciado baixo [Creative Commons Attribution 4.0 License](#).

A tradución deste documento de referencia do sistema foi feita por [Xogón](#) baixo [a mesma licenza](#).